



Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2011

Sr. Director de Centros e Recursos Humanos:

A Consellaría de Educación está a comunicar ao profesorado interino solicitante de permutas provisionais que no presente curso escolar 2011/12 non se admitirá ningunha solicitude de permuta provisional na que algún dos solicitantes sexa persoal interino.

Esta decisión unilateral da Consellaría contravén a propia orde que regula esta modalidade de permutas, na que no seu artigo 2º se di expresamente:

"Poderán solicitar permuta provisional, dous ou máis funcionarios de carreira, en prácticas ou interinos, en servizo activo dos corpos docentes que impartan ensinanzas escolares, sempre que vaian desempeñar a súa función docente no centro educativo durante o curso académico correspondente"

Toda a xurisprudencia emanada nos últimos anos polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea, tanto no relacionado con aspectos retributivos como de condicións de traballo, deixa ben claro que unha traballadora ou traballador eventual ou temporal, como é o caso do persoal interino nunha Administración Pública, non pode ser discriminado nos seus dereitos ao respecto do persoal fixo ou indefinido, como é o caso do funcionariado de carreira.

Así o podemos comprobar na sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) na que resolveu un pedido de decisión prexudicial presentado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 3 de Pontevedra, nun procedemento promovido polos servizos xurídicos da CIG e que recoñeceu o dereito do persoal interino a cobrar trienios con carácter retroactivo á entrada en vigor do EBEP, obrigando a rectificar o comportamento errático de varios xulgados galegos e do propio Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. E así o veremos, agardemos que nun curto prazo, coas sentenzas que se deriven das reclamacións promovidas pola CIG-Ensino para que o persoal interino teña dereito a cobrar sexenios, algo ao que a Consellaría de Educación se nega actualmente.

Por todo isto, desde a CIG-Ensino solicitamos que a Consellaría mude a súa posición ao respecto da negativa a conceder permutas provisionais nas que algún dos solicitantes sexa persoal interino, autorizando todas aquelas que cumpran cos demais requisitos e que se convoque á maior brevidade posíbel a comisión de valoración na que as organizacións sindicais con presenza na Mesa sectorial, tal e como recolle a propia Orde, temos representación.

A CIG-Ensino, como ben sabe a Consellaría, mantén o criterio de que o persoal interino debe ter dereito a estas permutas polo que esiximos unha resposta rápida e satisfactoria para este colectivo docente.

Un cordial saúdo,



Anxo Louzao Rodríguez
Secretario Nacional da CIG-Ensino

SR. DIRECTOR DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS. CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN E O.U.